

## CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE PARA A MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE LIBRAMENTO DAS TRANSFERENCIAS CORRENTES DE FINANCIAMENTO.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Axencia para a Xestión do Coñecemento en Saúde asinaron o 07.05.2026 o convenio arriba referido. A súa vixencia circunscríbese ao exercicio orzamentario 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o réxime que se seguirá no libramento das transferencias correntes de financiamento que realizan a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

O artigo 48. Dous da Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, establece que as achegas de natureza corrente deberanse librar, con carácter mensual, por doceavas partes, excepto que mediante un convenio se regule outro réxime diferente de pagamento. O mesmo artigo contempla que o convenio someteráse ao informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma sobre a adecuación do réxime de libramento proposto ao ritmo de execución do gasto corrente da entidade.

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde participa na convocatoria de diversos proxectos europeos e de fondos do Estado, sendo os créditos destinados á realización destes proxectos, de carácter finalista. Os fondos dótanse nos capítulos IV e VII da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, en función de que as actividades na axencia se imputen a gastos correntes ou de capital. No caso de que os fondos finalistas se doten no capítulo IV (transferencias correntes), os libramentos destes fondos por doceavas partes, poden ter as seguintes consecuencias:

1. Aínda no caso de que na entidade non se executen as actividades, recibe igual os fondos finalistas.
2. Os remanentes de fondos finalistas na entidade son obxecto de incorporación ao ano seguinte; porén, na Consellería de Sanidade e no Servizo Galego de Saúde, de terse efectuado os

libramentos por doceavas partes, non hai remanentes para incorporar, producíndose un desequilibrio orzamentario ao ano seguinte.

No texto do convenio ao que se fai referencia, indícase que no orzamento de gastos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, concretamente nas aplicacións que recollen as transferencias correntes de financiamento a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, dótanse fondos para distintas finalidades e segundo a súa procedencia, con distintas modalidades de financiamento.

A aplicación da Consellería de Sanidade, 1201/411A/432.14, dótase no orzamento inicial.

As aplicacións do Servizo Galego de Saúde, 5001/411A/432.14 e 5001/412B/432.14, dótanse a medida que se van producindo modificacións de crédito. No ano 2026 está previsto que se doten, xa que existen remanentes pendentes de incorporar do ano 2025 e tamén está previsto que dende o Servizo Galego de Saúde se encomende á citada axencia a realización de novas actividades.

Por todo o exposto, era necesario modificar o réxime de financiamento das achegas de natureza corrente que dende a Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde se efectúan a favor da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, de xeito que as achegas de fondos finalistas se efectúen atendendo ao ritmo de execución dos gastos na axencia en cada un dos proxectos cuxo financiamento tamén é finalista, para o que se formalizou o devandito convenio.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

